

Suspensión do noso ferrocarril.  
Exclusión de Galiza nos cursiños de profesores.  
Tratado co Uruguai que arruinará a nosa riqueza gandeira  
Aumento das contribucións.  
Ataque ao noso patrimonio artístico.  
Eis uns cantos agravios máis inferidos a Galiza n-ista derradeira tempada polo Poder central.

# D I A D E G A L I C I A

## Na encrucillada de todo o ano iste é o Día da gran Fraternidade galega

Nista encrucillada espiritual do día de Galicia, todol-os seus fillos veñen a xuntarse na aberta xusta, quente e forte da Terra e da Raza.

Diante o día da nosa Terra, total-as loitas fraternas findan para abrir paso ás augas soturnas do noso espírito, e pôr en comunicación viva as almas da gran Comunidade galega. Por enriba de total-as barreiras mesquiñas, cheias de soma de todol-os persoalismos, de todol-os resentimentos, Galicia estende os seus brazos para xuntarnos a todos na quentura do sua aperta. Ista é a aperta lonxana que todos esperamos para tornar a renacer, para volver a refacer a nosa vida con claridades orixinaes de amañecida.

Iste é o Día do magno Xubileo da nosa Terra, en que as almas se limpán, en que os irmáns se reconcilian, en que todol-os escarriados pol-os vieiros da noite se recoñecen á lus da gran fogueira broncal do Lar común.

Que ninguén falle! Que ninguén chegue coa concencia carregada de somas valorentas de xenreiras mesquiñas! Que ninguén se quede á porta!

Entremos todos, todos xuntos, e alcendamos un lume de corazóns aquecedor dos corpos e das i-almas. Un gran lume, unha labarada inxente que limpe total-as somas que se acubillan nas esquinas das concencias. Un gran lume que ruba por riba de total-as montañas i-encha de quentura total-as congostras. Un gran lume que traspase de luz as i-augas floridas do río profundo da nosa Historia, por onde escorre —en amor i-en dôr— toda a i-alma da Raza.

Arrequeitados nisa inxente labarada, recomencemos logo, os vieiros da nosa vida, alastrados co remol perenne do gran Lume nutricio. Tornemos todos con espírito limpo, outo e reito, á loita de todol-os días, pol-a grandeza e a liberdade da nosa Terra.

Irmáns! que ninguén falle ao redor do gran Lume que, na lareira perenne da Raza, se alcende niste Día, enchendo de lus todol-os camiños. Todos temos cabida. A todos se nos espera. Todos debemos acudir. Dé non facel-o, virían xentes extranas. Matarían o Lume. Estrarian o remol. E nós ficariamos na soma para sempre, sin Lume e sin Fogar.



## O NOSO DIA EN 1933 Interpretacións

Foi, sen dúbida, feliz a idea de celebrar, todos os anos, a nosa grande Diada. O día de Galicia é coma un relanço de paz nas nosas loitas internas, é a comunión n-unha emoción única de todos os galegos. É o grande día da paz galega. Por todos os vieiros cordiaes, unha pelerinaxe de irmáns aboca no toro do amor. I eisí se fortifica a profunda raigaña racial do noso corazón, e se aquilata o ouro da nosa esperanza nos destinos da Terra.

Compre que iste ano acentuemos o carácter fraterno da nosa festa. Vivimos momentos preñados de sustancia histórica. Temos que recrear unha patria, e ninguén pode ser xordo á auténtica voz nen traidor as naturais leises. Ser fiel a si mesmo é a única forma honrada de vivir. Pasarán os tempos e cada un terá que responder diante a historia, do seu labor presente. I-entón caerá a pauliña de un veredicto de culpabilidade encol dos que non souperon estar á outura do momento que nos tocó vivir, e preferiron andar as escuras sendas do erro, pecando contra o espírito.

Os bens da autonomía han ser xenerosamente outorgados a todos, e inda os disfroitarán aqueles que non souperon ver o profundo senso de reconstrucción nacional contido n-aquela grande idea. Mais ben triste será a situación moral dos que se vexan refrixerados pol-a sombra de unha arbre que non quixeron semear.

Patentes están as mostras da incapacidade que pra nos gobernar aqueixa ao centralismo. Vexan os que teñen ollos e oían os que poseen ouvidos. E comprendan os que non estén mergullados na lana da estupidez —pechos á luz da razón os cerebros escuros— cómo o que ten de vir, virá: porque a historia ten leises fadaes. Alonxar o intre da nosa liberación é amarear xenreiras o facer imposible a concordia. Xa se van acarrando as fias dos que, entre os bós e xenerosos, coidamos posible a resolución dos nosos problemas n-un terreo de harmonía co Estado hespañol. Que non nos deixe tamén a esperanza de que o ben de Galicia poderáse atinguir pol-a unión de todos os galegos. Que non teñamos que creer na necesidade de esmagar aos cegos de eiquí. De abondo doroso é ver como alá non nos entenden.

En Galicia é onde hai que ganar a batalla. Si se triunfa eiquí, non haberá forza que se poda opór eficazmente á consagración oficial da nosa persoalidade. Non temos tempo de acender nos nosos peitos o lume da xenreira contra os alleos que nos oprimen, porque n-iste intre supremo estamos solicitados imperiosamente pol-a máis nobre obriga de acender o fogo do amor nos peitos galegos que inda non latexan ao compás do sagro ritmo da Terra, cuio acaño sinala o decorrer das sazóns, abre as portas do abreinte, tende os veos da noite e rixe os pulos da i-alma inmorredoira do noso chan.

Galicia será o que os galegos queiran, por enriba do que queiran os outros. E os galegos non poden querer o presente ominoso: hanse queimar n-unha arela de ben craro porvir.

R. CARBALLO CALERO

## Saudades. Alboradas. Cantigas

Hoxe atopamos á nosa Terra, nas longuras do tempo, como pomba cansada de voar e que fica latexante e recollida.

É a onda que endexamáis quebra, pro sempre chea de vida, dun mar longo de adeuses.

Saudades: luars de amor que fan chorar i-enxoiñan as bágoas, agora, n-iste amencer da Patria.

Alboradas: Estralar de flores e recendos en mañás de amor como as baladas, antenas do espírito, nuncios do Rexurdimento.

Cantigas: Vivir de lembranzas; sempre as mesmas cantigas tráxicas, sonámbulas, saloucantes; sempre as mesmas cantigas das grorias pretéritas, das presentes angueiras.

\* \* \*

Galicia noutrotra heroica e deslumeante nacera pra vivir a primacia do Oicidente románico, dos pelerinaxes e dos cancioeiros. Nacera como a magnolia nun albre de gran outura, belida e orgullosa, de arume ondeado e fino coma un fume de nube esváindose... Galicia, como a magnolia, só podía vivir o sol, o sol da liberdade. E cando se lle roubou pra aprexioala nas tebras, na escuridade da opresión, Galicia como a magnolia, encheuse de enormes manchas escuras de disgusto —só podía vivir o sol.

E agora é a esperanza, o pulo de arelas, anceios dun futuro infindo. Son como estrelas das noites —sí as noites son escuras, as estrelas brillan máis. Eu esquenzome de mín. Fico á ouvir a grande harmonía da música do vindoiro. Porque todo é tan armónico, como si fose orquestrado e rexido.

Atopei a cidade de *todo o tempo galego*. Antre o río do pasado e do futuro, a barca-

rola do presente, desamparada, no derradeiro esforzo, cos cabelos enormes das suas velas brancas, flotando nos ventos como unha bandeira abatida de desgracia.

\* \* \*


O ceo peneira unha chuvia miuda que enveoa a paisaxe e a sensibilidade, mais o sol, irmán da caridade, esvae todo, anda pol-os montes e pol-os camiños da esperanza, a erguer, de vagariño, as follas da Terra que o inverno do esquecemento levóu.

Saudades. Alboradas. Cantigas. Baten, ritman, pendulan. Embalan ondas, embalan esperanzas, embalan soños. Ondas de cabelo, ondas de ollar, ondas de mar...

Saudades. Alboradas. Cantigas. Veñen coma os sons dos campanarios á facer resoar as lembranzas. É o país galego, coma un romeiro da historia, con anceios do inédito. O moimento. A voz do pasado, resoa así, no Día da Patria, en berros chamantes, en volutas e floróns, en oxivas. Resoa atopando o futuro, e voltando como as anduriñas, n-unha onda de estrelas, á pedir como premio o universo...

FRANCISCO F. DEL RIEGO

Fai *dazasete* anos que se publica A NOSA TERRA pol-o esforzo dun feixe de homes; agora ten que se impõe pol-o entusiasmo de todol-os galegos.



# A PROTESTA de GALICIA

## Milleiros de almas desfilan pol-as ruas de Vigo e Lugo, todas coa mesma arela fonda e sentida

### A oposición máis unánime e máis firme contra un Tratado inícuo

Estamos seguros que ningún movemento galego tivo a proporción de masas, a unanimidade e a firmeza desta protesta viva que, do corazón da mesma Galicia saléu con motivo de anunciarse o Tratado co Uruguai e que se mantén enérxica coa mesma amplitude de vibración e un ecoar constante no peito de cada fillo de Galicia. Iste movemento nididamente social, desglosado por enteiro de intreses partidistas, ten de marcar un ronsel, profundo e claro, na conciencia do noso ser, calquera que sexa a solución que a iste problema se lle dea.

Ista aitude de Galicia, inesperada para os poderes centrais, é o índice dun despertar colectivo no que non creían e ao que xa lle empezan a temer. Cada día que pasa, cávase unha gávea máis fonda entre as dúas potencias, que en balde se procurará tapar con sofismas. Esta aitude varil de Galicia, xa non poderá compadecerse máis cos desprecios e inxusticias con que sempre se nos tratou. Por que si Galicia, empapada de dór nas fonduras da súa alma, apenas si tiña xa un xesto de vontade fronte aos seus tirans, agora en troques, superada isa dór secular atonzante, aparece dotada da máisíma sensibilidade diante os aldraxas con que a ameazan, e da máisíma firmeza e axilidade de espírito para pórse fronte aos seus opresores nun xesto magnífico de rebeldía. Isto xa non pode ser borrado. Isto quedará sempre como vieiro a seguir. Por iste vieiro teremos que conquistar a nosa liberdade fronte a todas as incomprensións, fronte a todos os desprecios e omisións. Fronte a desleigados e traidores, a negreiros e traficantes.

#### O GRAN MÍTIN DE VIGO

Con unha gran cantidade de público vindo dos máis lonxanos lugares da nosa Terra, celebrouse en Vigo o domingo derradeiro o anunciado mitin de protesta contra o Tratado hispano uruguai que proieita o Estado hespañol. Faláron niste grandioso mitin os deputados galegos Castelao, Picallo, F. Tafall e Paratcha. Fixo a presentación dos oradores o Presidente da Federación Agraria provincial D. Ramón Alonso que fixo ver en verbas enerxicas a situación sangrante por que atravesamos, e como iste actô non tiña outra sinificación que a de un inmenso clamor defensivo de todos os galegos contra os seus tirans e contra todos os traidores á nosa Terra.

#### DISCURSO DE TAFALL

Despóis do Sr. Gama, que falou en nome da Federación Agraria provincial, facendo historia dos agravios inferidos a Galicia en todo momento, e reprobando a conducta criminal de moitos dos nosos persoeiros no Parlamento, que en ningún momento se lembraron para ben dos pobos que os elixiron, fala o deputado señor Tafall, quen, insistindo sobre os mesmos puntos di que a Galicia só lle quedan dous camiños: ou a sumisión a unha política equivocada e torpe, ou a repulsa e a protesta viril que conduza á emancipación definitiva.

Fala logo da maneira como se nos contesta a todos os nosos requerimentos, con desprecios e aldraxes, como se está evidenciando co iste Tratado e se puxo xa de manifesto cando se tratou da libre importación do millo de Bós Ares. Despós de falar longamente do desprecio que pra nós significa iste Tratado, termina decindo que il estará sempre ao lado do pobo, ao lado de Galicia, recordando as verbas de Henri Barbusse: co pobo sempre, inda que non teña razón.

Foi moi ovacionado o seu discurso.

#### FALA CASTELAO

Comenza eisí Castelao o seu discurso: «Veño a unirme a vosoutros, agrarios, non para pronunciar un discurso, senón para recoller o alento que puidera faltarme. «Recorda» como no século XV se fixo en Galicia a primeira revolución social, e como aquí espírito o herdaron as asociacións de hoxe, que son a verdadeira Galicia, a súa eternidade, porque gardan os legados do pasado que nos dan continuidade na historia. Refírese logo ao trato que se nos dá en todas as ocasións, enumerando un sinnúmero de aldraxes de toda cras, de que, hoxe coma onte e coma sempre, se nos fai ouxeto. Pasa logo ao estudo do Tratado co Uruguai. N-iste caso, di, de non tratarse de unha torpeza política, senón dunha necesidade nacional, fundada en vivos problemas hespañoles, como sosteñen os nosos inimigos, non queda outro camiño que o do separatismo; porque, antes que nada, somos galegos, e galegos antes que hespañoles. Termina decindo que a Patria non é o Estado, senón a Terra que nos

criou, e que si Galicia ha de seguir sendo inxuriada pol-a violencia asimilista do Centro, i estrullada pol-a inxusticia distributiva non poderá seguir nunca sendo hespañola.

#### O SEÑOR G. PARATCHA

Falou seguidamente Gómez Paratcha, que historiou detidamente a tramitación do Tratado, expóndo as razóns porque o xefe do P. R. G. señor Casares, non puidera intervenir niste asunto. Todo deu pé para que o Señor Paratcha fora frecuentemente interrompido, logrando por fin terminar o seu discurso, ofrecendo o apoio máis unánime de todo o seu Partido á xusticia desta causa, que é a da vida de Galicia, chegando por ela aos maiores sacrificios.

Ao findar o seu discurso foi moi aplaudido.

#### INTERVEN SUÁREZ PICALLO

O discurso de Suárez Picallo foi unha vibrante i-encendida arenga de protesta contra a explotación, contra a inxusticia, contra a torpeza criminal con que os poderes centrais venen abatindo á nosa Terra. Foi unha labarada inxente na que se caldearon ao ro-

xo os espíritos dos miles de labregos, xuntas en corpo i-espírito no gran comicio das Cabañas

Despóis de terminar iste grandioso acto, redactáronse seis conclusións de viva protesta contra o Tratado que o Goberno proiecta, iniciándose a manifestación que foi imponente.

#### A PROTESTA TOMA CADA VEZ MÁIS FORZA

#### ASAMBREIA E MANIFESTACIÓN NA CRUÑA

O domingo derradeiro celebrouse na Cruña unha asamblea de ganadeiros, convocada pol-a Asociación provincial «Unión Mutualista campesina». O cinema «Catro Camiños» estaba ategado de campesiños, celebrándose o acto dentro do maior orde. Presidiu o señor Martínez Pérez, presidente da Asociación, e fixo uso da palabra o señor Casas, nun profundo e razoado discurso de cerca de unha hora. Falou logo moi extensamente sobre o problema gandeiro o señor Martínez Pérez, rebatindo o Tratado co Uruguai con fundados argumentos que encontraron fondos entusiasmos nos ouvintes. Terminou o seu discurso entre unha xeneral salva de aplausos. Seguidamente deu comenzo a imponente manifestación, que recorreu o traecto que media entre «Cuatro Caminos» e o Goberno civil, cursándose telegramas de protesta enérxica ao Poder central.

#### A PROTESTA DE LUGO

O xoves da pasada semana celebrouse na cidade de Lugo un gran acto de protesta contra o Tratado co Uruguai. Segun cálculos aproximados, pasaron de 8.000 os campesiños da outa montaña lucense, que percorre-

ron as ruas desta cidade, en outo a bandeira da súa máis rexa protesta.

Asistiron representacións nutridas de todas as numerosas asociacións agrícolas e ganadeiras da provincia. No «campo da Feira» celebrouse de mañán o gran mitin, iniciándose logo unha imponente manifestación que enchía todas as ruas, chegando ao Goberno civil, onde se fixo entrega dos acordos tomados pol-a asamblea, que viñan a sintetizarse na mais rexa protesta contra o tratado hispano-uruguai, que, aínda con estar pendente, xa causou tantos danos a esta provincia, gandeira casi exclusivamente.

En todos os pobos de Galicia continúa alastrándose cada vez máis forte, a protesta indignada contra ista torpeza do Goberno. Non vamos citar máis pobos. Para qué? Non é Galicia enteira a que se ergue en unánime protesta?

«Pra decirmos que suscribimos íntegramente as verbas do Sr. Castelao e deixamos consignada unha vez máis a nosa protesta por ista diferenza que se observa. Teño de facer constar, ademais, pra que me escoite Galicia, que d'isto debe adprender á obter ela de seu, pol-o seu propio esforzo o que o Poder central, por maquiavelismos sectarios, non quer otorgarlle».

Verbas de Suárez Picallo na sesión do 4 derradeiro en que Castelao pronunciou o patriótico discurso que reproducimos anteriormente.

#### BARRACA DE FEIRA «RESOL»

«Resol», a folliña do pobo que chega a todas as bandas, que voa, que revoa, que cabe por debaixo das portas, que chega ás bugardas, aberta, sin pedir nada, expón na súa barraca de todos os cores, todos os cores que bailan no sol; nun sol que se perdeu e se achou nun camiño novo, nun resol que é sol que sale de novo, e para sempre.

Carteles de Seoane, liñas bailando, anuncian, berran na gran feira de Resol. Hay que berrar. E dentro, Colmeiro, Maside, Souto, Torres, Seoane e Landín, xogando a todos os cores, enmellados os ollos na costa florida de todas as liñas. Eiroa, rexo, forte, no medio de todo, en perennidades de eternidades en eternidades perennes.

E por riba de todo, «Resol». Resol número 8, para os rapaciños, para os rapaciños pobres de todos os camiños, pendidos en todos os xogos, «Resol», Verde, Amarelo, Azul, Branco, «Resol». Para os meniños de todos os carreiros.

E fora dista, libros Resol. «Un suceso en los arrabales» e «Cantiga nova que se chama Riveira», ofrecéndose a todos, indose con todos, por amor, por amor só. Fora de todas as librerías, as casas malas dos libros, ao descampado, «Resol» berra contra a prostitución regulamentada do libro.

Na gran feira de todos as as cōras, «Resol» Blanco, Amarelo, Verde, Azul, Branco «Resol», «Resol», «Resol».

#### Xa apareceu o Diccionario Castellán - Galego

Necesitábase un Diccionario d'ista índole. Non había ningún. Este é o primeiro que se publica. Laboura conxunta das Irmandades da Fala, baixo a dirección de cultas persoalidades, feita en varios anos, con escripta escrupulosidade, rexeitando, todo o gratuito e dudoso para dar paso únicamente ao que permite unha auténtica documentación comprobatoria.

Ningún libro ou documento d'intrés relacionado co idioma galego deixou de se consultar con rigor científico para facer ca maior seriedade posible esta obra.

Para poder falar con coñecemento de causa da nosa língoa, hai que ler este Diccionario, que se titula vocabulario máis ben pol-o desenrolo dos seus intresantes apéndices finaes.

Oferécese por vez primeira, en síntese, a grandeza da nosa fala.

O arcaico —en parte morto, en parte vivo— e o moderno que non é ruralismo bárbaro, está recollido n-este Vocabulario, que demostra, como nunca habíase demostrado con tanta coidencia, que o galego resulta apto para ser instrumento rico e bello d'unha cultura porvirista como foino d'outra gloriosa e pretérita.

Un tomo en oitava, de trescentas trinta e tantas páxinas, de apertada letra, a dúas columnas. A lectura de triple número de páxinas acondicionada para facer un libriño maneiro que se poida levar no peto, ou poder estar decote á nosa beira en calquer lugar en que nos atopemos. Todo calculado con teimosidade para que o que escribe teña á rentes o amigo máis fidel, exacto e veraz.

Non fai falla un gravoso desemburso. Encadernado en tea vermella, véndese á ptas. 5'50. Tamén pódese mercar máis barato, en rústica, á sómentes 4 ptas.

Os pedidos á M. R. Moret. Imprenta. Galera, 48. a Cruña.

O máis cómodo é mandar o presente boletín:

«Vocabulario Castellano - Gallego de las Irmandades da Fala.»

Imprenta Moret. Galera, 48

A Cruña

Prego o envío de ..... exemplares, ..... en tea, e ..... en rústica, en

total ..... O seu importe comprométomo á abonalo á reembolso, por correo

certificado.

Dirección: .....

Importe do pedido, ptas. ....

(Franqueo con 2 céntimos)

# OS TEMPOS SON CHEGADOS QUE OS BARDOS ANUNCIARÁN

Os degaros remotos dos pobos, as suas arelas escuras e fondas, e na i-alma dos poetas que toman forma i expresión xusta. O que agora sentimos todos, o que está case nas nosas mans, ista luz auroral en que vivimos, foi un lume pequenño, mais ardente. aceso hai moito tempo na i-alma dos nosos bandos.

As suas vaguedades, eran as vaguedades da i-alma da Raza, dispersas nas i-almas coma a luz do Ben das doutrinas gnósticas, e aprisoadas na soma da incomprensión e do desprecio. Hoxe é o día en que están xa moi cerca de ter cumprido fin.

Xa os bós entenden a voz da i-alma dos seus profetas:

Que din os rumorosos  
Na costa verdecente,  
O raio transparente,  
Do prácido luar...?  
Que din as altas copas  
D'escuro arume arpadado,  
Co seu ben compasado,  
Monótono fungar...?  
—Do teu verdor cinguido  
E de benígnos astros,  
Confin dos verdes castros,  
E valeroso chán,  
Non des a esquecemento,  
Da inxuria o rudo encono;  
Desperta do teu sono,  
Fogar de Breogán.  
Os boos e xenerosos,  
A nosa voz entenden;  
E con arroubo atenden  
O noso rouco son;  
Mais, só os ignorantes.  
E férios e duros,  
Imbéciles e escuros,  
No-nos entenden, non.  
Os tempos son chegados,  
Dos bardos das edades,  
Qu'as vosas vaguedades,  
Cumprido fin terán;  
Pois donde quer xigante,  
A nosa voz pregóu,  
A rendenzón da boa  
Nazón de Breogán.

## NO DÍA DE GALICIA

*A cumprir as escuras vaguedades,  
da costa verdecente ten chegado  
o bardo das edades,  
lanza e escudo dos bós e xenerosos;  
o que apreixou outrora,  
no ben acompasado  
fungar dos rumorosos,  
a profética voz alentadora.*

*Está con nós, ergueito á veira nosa,  
o do céltigo clán, mestre druída  
co-a litúrxica fouce mirágrasa,  
a lira de ouro e ferro  
e a barda en albas rosas frorecida;  
o dos caros acentos sonorosos,  
cantor dos altos feitos;  
o que ordeou, para os afáns grorioso,  
aparellar os esforzades peitos.*

*Irmáns na Causal ¡Os tempos son chegados!  
Nestora de varil recurdimento,  
en cidades, aldeas e escapados  
Galicia enteira estremecida escoita  
o berro nunca dado a esquecemento  
con que nos chama, impregador, á loita  
o que comanda os míticos guerreiros  
do pinal encantado de Froxán,  
o que deixou os bélicos loureiros  
a verdecer na estrofa que pregou  
a redenzón da boa  
nazón de Breogán...!*

RAMON CABANILLAS

*¡Os tempos son chegados! Galicia canta e prega!  
¡Xa madurou a espiga  
na campía galega!  
Como na enxebre, céltiga cantiga,  
da alborada que anuncia o alto gozo  
das xornadas de sega,  
e novo sol, o sol ridente e mozo  
está batendo á porta  
da casina labrega.*

*¡Xa está lograda a espiga,  
randeando, doirada,  
as luces da alborada  
na campía galega!  
E forza porse en pe! E nosa obriga  
temprar as fouces, encoirar o mallo  
e saír, animosos, cara a veiga,  
a escomenzar o redentor traballo.  
¡Tras do loitar sin trégoa  
virá o repouso á sombra do carballo!*

*¡Irmáns, todos a unha! ¡Arrodeade a leira!  
¡Qué regue a nosa terra o suor noso  
e a fouce corra no tronzar certaíra!  
¡Escoitade o punxente  
berro do vaboroso:  
«Diante de bós ondea  
a barda de ouro ardente...  
¡Segade a vosa herdade!  
¡Ay de aquél que non sea valente!  
¡Segade, galegos; con forza, segade!»*

## CASTILLA

¡Castellanos de Castilla,  
tendes corazón de aceiro,  
almas como as penas dura,  
e sin entranas o peito!

De palla en tronos sentados,  
sin fundamento, soberbios  
pensás que os nosos filliños  
para serviros nacron.

E Castilla e castellanos,  
todos n-un montón, a cito,  
non valen o que unha herbiña  
de estes nosos campos frescos.

Nin arbres que che den sombra  
nin sombra que preste alento...  
Llanura e sempre llanura,  
deserto e sempre deserto...

Esto che tocóu, coitada,  
por herencia no universo,  
¡miserable fanfarrona!  
triste herencia foi por certo.

En verdá non hai, Castilla,  
nada como tí tan feo,  
que inda mellor que Castilla  
valera decir inferno.

Triste como a mesma noite,  
farto de dolor o peito,  
pídolle a Dios que me mafe  
porque xa vivir non quero.

Mais en tanto non me mata,  
castellanos que aborrezco,  
hei, para vergonza vosá,  
heivos de cantar xemendo...

¡Castellanos de Castilla,  
tratade ben os galegos!  
Cando van, van como rosas;  
cándo ven, ven como negros.

ROSALÍA CASTRO

## Manifiesto publicado pol-o Partido no Día de Galicia de 1932

### UNIDADE GALEGA

A diada que escomenzou festexándose como lembranza d-un culto, e adequiriu esplendor como eisaltación d-un sentir local, é hoxe xornada civil, festa patriótica de todol-os galegos, expresión xubilosa da unidade substancial que forman a nosa Terra e o noso pobo.

Do mesmo xeito, e á exemplo do que n-esta data se ven facendo, quixéramos nós, poñendo na obra o noso cativo esforzo, que sen miengua das diferencias ideolóxicas, mais esquecendo persoalismos políticos e retesías locais, os galegos percurásemos actuar de cote en xuntoiro d-espíritos, e responder co-a aportación do traballo de cada un á unidade que na xeografía, e na hestoria e na vida mesma representa a nosa Terra.

Que cada cidadán no seu mester e na sua doutrina, se tope sempre solidarizado cos demais galegos, sentindo en sí as necesidades xeraes, e participando activamente co-a sua, na yountade de noso solar.

Somentes así podemos facer do noso solar unha patria; da nosa xente un pobo.

### NON VIMOS PRA DIVIDIR

Somos un partido máis no campo da política, pero non vimos a dividir, se-nón a colaborar. Xurdimos pra defender e realizar o galeguismo, mais non pretendemos monopolizar a galeguidade. Imos cara a liberdade da nosa Terra, sen precurar pra nós os froitos d-esa conquista, senon pra todol-os galegos.

A unidade política e a unidade social de Galicia non poden xurdir do uniformismo: han de ser obra da armonía na variedade. Non queremos un pobo de cidadáns troquelados militarmente, standartizados no sentir e nas tendencias, se-non un pobo áxil, donde brile o limpo xogo de total-as ideoloxías, onde a polémica política se non luxé endexamais co sangue do crimen eleitoral, e onde as reivindicacións sociais se non afundan na esteril loita dos pistoleros, que provoca as revoltas creando denantes a miseria dos traballadores.

### O PODER É GALICIA

Quixéramos que Galicia recobrase de cheo a sua personalidade, tornando a posesión íntima d-unha aspiración integral. A tal fin compre que renovemos n-esta data o noso xuramento de espertar, por todol-os eidos, a fé nos destinos da raza.

Por eso non cobizamos o poder, coma os partidos centraes ou centralizados, nin aceptamos «delegacións de poder», cal fan os seus afiliados. Quen as percore non está co noso Partido. Pra eles os repartos e as «melloras»; pra nós este traballo xordo de crear un país novo; pra nós esta laboura escura de berrar, día á día, diante da masa galega, «d'esclavos e de ilotas», a consiña que ergue aos pobos adurmiñados:

«Galegos o poder é Galicia».

sin voto. Cada 25 afiliados ou fracción d-eles poden enviar un representante a Asamblea. Pra as votacións computaránse os votos d-estes representantes, controlando denantes as cotizacións dos afiliados e o do grupo ao Partido. Tamén concurrirán a Asamblea os afiliados que desempeñen cárgos de representación popular, con voz, pero sin voto.

### III.—O CONSELLO EXECUTIVO

ART. 8.º—Pra executar os seus acordos e pra levar o réximen político i-económico do Partido, a Asamblea designará un Consello Executivo.

ART. 9.º—Os parlamentarios do Partido e os irmáns que ocupen cárgos políticos, non poden formar parte do Consello, mais os deputados terán libre acceso á él con voz, pero sin voto. Nas mesmas condicións os Conselleiros poderán asistire á total-as xuntanzas dos comités ou grupos, nos que terán a presidencia efectiva.

ART. 10.—O Consello Executivo constituirá cinco Segredarios (Xeral, de Organización, Técnico, de Propaganda e Político) e un Conselleiro-Delegado por cada unha das Seicións en que, pra orgaizar mellor a laboura do Partido, se divide Galicia. A determinación d-estas Seicións farase en cada Asamblea.

Todol-os membros do Consello Executivo nomearánse por votación segreda entre os representantes na Asamblea que teñan voto. Os membros do Consello Executivo poden ser reeleixidos.

Os Conselleiros-Delegados servirán de enlace entre os grupos da Seición e o Consello. Poderán solicitar dos grupos opinións respecto aos asuntos que figuren nas convocatorias dos Consellos; os seus informes aos grupos sóbor dos acordos tomados terán carácter oficial; serán informados pol-a Segredaría Executiva ou pol-os Segredarios dos grupos das comunicacións que entre eles circulen. A Asamblea designará pra cada Seición un Suprente do Conselleiro-Delegado.

ART. 10 bis.—A Segredaría Executiva poderá convocar aos Consellos á aqueles afiliados que xuzgue precisos, ao fin de asesorar ao Consello nas cuestións en que sexan excepcionalmente competentes, non tendo os ditos asesores voto na xuntanza.

ART. 11.—O Consello Executivo en preno xuntarase ordinariamente unha vez cada tres meses no lugar que determina a Segredaría Executiva, sendo vá lidos os acordos, calisquera que sexa o número de Conselleiros presentes, sempre que fosen todos citados.

O Consello Executivo en preno celebrará xuntanzas extraordinarias cando o soliciten a metade máis un dos Conselleiros. Do mesmo xeito a Segredaría xuntarase á petición da metade máis un dos Segredarios.

ART. 12.—A xuntanza do Consello será presidida pol-o Segretario-Xeral e, na sua ausencia, por outro dos Segredarios presentes.

### IV.—A SEGREDARÍA EXECUTIVA

ART. 13.—Os cinco Segredarios eleixidos pol-a Asamblea xeral do Partido constituirán a Segredaría Executiva, que se xuntará ordinarmente unha vegada por mes. Cada Segretario pode pedir ao Consello Executivo o nomeamento

# Nós soilos COURAZA E ESCUDO Arnica e vaselina

A redenzón da Galiza terá de sere obra eiscrusivamente noso, dos nazionalistas, dos que decote sentimos ecoar na nosa i alma o berro angurioso da terra magoada pol-os aldraxes, pol-as traicións e pol-os desleigamentos. Coidare outra cousa é se non deca-tare dos proveitosos insiños que dous anos longos de réximen novo nos levan proporcionado. É tanto como ter ollos e non fitar. Tanto como ter ouvidos e non ouvir. Tanto como ter sensibilidade, intelixenza e non sentire nen comprender.

Si é certo que dos desconfiados nascen os avisados e precavidos, cal reza o dito popular, nós, os galegos prenamente galegos, os galegos incondicionaes e sen lixo, os galegos químicamente puros, que diría o mestre Castelao, non podemos xa deixarnos sorprendere por ren. Non podemos, asemade, sostere a máis cativera confianza en nin-guén. As portas do noso creto se deben choe-ren radicalmente á todol-os ofrescimentos e á todal-as promesas.

O sucedido na xeira transcurrida de réxi-men republicán, no que tantos de boa fé depositáramos a nosa confianza, é máis que de abondo pra nos indicare, con craror meridián, a liña de conducta á seguire. I-é por iso pol-o que xa non compren nen se poden admitiren máis dilacións nen máis agar-danzas.

Si a Galiza ten de se redimire, si a Galiza ten de abranguere o esnaquizamento das cadeas que lle impiden o seu avanzar seguro pol-os vieiros que levan á liberdade, elo terá de sere obra nosa, obra única i eiscrusiva dos que formamos a lexión pura, a lexión escolleita dos bos e xenerosos. Pensare ou-tra cousa, pensare que á redenzón da terra galega poderán colaborar elementos que non sinten a terra nen da eisistencia de tal sentimento donaron endexamáis proba al-gunha, será eisporños tristeiramente, parva-mente, á seguire axuntando desenganos e desilusións.

Os fortes, asegún as coñecidas verbas apostólicas, son os que ollan soio unha ver-dade e se fan cegos pra todal-as outras. Cónvencidos de qu'eisi e procedamos en conseqoenza. Pensemos que a Galiza, ao

Compre acourazar o corpo dos galeguistas contra o desánimo. Compre fabricar un escudo que os protexa contra o mal cativo da falla de fé.

Levamos loitando algúns anos, e pode haber entre nós quen coide que estamos che-gando ao fin dos nosos traballos. Pode haber entre nós quen crea que un contratempo ou unha batalla desgraciada teñen os caracteres de unha derrota fatal e definitiva. E compre prevenirse pra que tales ideas non prendan nas almas.

Irlanda pelexou séculos enteiros, e oxe é libre. Bohemia tardou mais de cen anos en conseguir a súa idependenza, mais agora tena. Cataluña combatiu dentro de si e fora de si, durante dez lustros e soio recentemente conquireu a esmola de unha estreita autonomía.

Porque nós andamos metidos nun movemento de reivindicación galego, mais de certo andamos tamén intimamente misturados nunha revolución de tipo universal. E as revolucións de iste tipo son vaborosas, van a dispacio, como van a dispacio e son vabo-rosas as transformacións xeolóxicas que trocan a fisonomía da Terra.

Os sentimentos que a nós nos animan teñen nos días que corremos eispresións idénticas en todol-os secantes do planeta. O latexar dos nosos corazóns ten correspondenzas en rexións lonxanas. O soar dos nosos himnos seméllase ao sar dos himnos que ecoan en Rennes, en Edimburgo, en Toulouse, en Allahabad i en Tlemcen.

Non é somentes o pobo galego o que está en marcha, son cen pobos, os que coma o noso queren erguerse e queren camiñar.

I-é ben que ista verdade certe a abriirse paso no esprito dos galeguistas. I-é ben que nos persuadamos todos de que noso valor é un valor de categoría mundial, de que a nosa forza ten a esplendidez incontrastable das forzas cósmicas.

No desenvolvemento das oroxenias, criadoras de altas serras, hai momentos de descanso e de detención motivadas pol o peso morto das tonas erguidas. Tamén nós temos que conocer ises descensos e isas detencións. Mais ao cabo nós como as oroxenias remataremos por trunfar.

Remataremos por trunfar por que entre conxunto de idearios en pugna que oxe enchen a terra de ruiñas e mortes, soio o noso ideario asentase sólidamente nos feitos naturais, soio o noso ideario esta perto dan mán de Deus.

O mundo non pode transformarse en vinte anos e nós queremos transformar o mundo, espertando as almas dormidas, resucitando os pobos mortos. Queremos elimi-nar a violencia imperialista, queremos esnaquizar primeiro pra edificar despois. E isto non se fai en vinte anos.

Que cada galeguista se sinta obreiro de tal obra. Que cada galeguista se sinta pionner de ista cruzada. Que cada galeguista seipa que son irmáns seus os que poñen bombas en Bretaña, os que se sublevaban en Túnez, os que morren en Delhi. I-en canto o sinta e o seipa terá unha couraza e un escudo e será forte como un titán. F. L. C.


igual que sucedeu en todol-os pobos enca-deados, poderá ceibárese dos grilóns que a apreixan si os que verdadeiramente a senti-mos —os racionalistas— os qu'en todo mo-mento a afirmamos faguendo uso do seu verbo peculiar e propio, nos entregamos á tarefa de recreala, nos valendo dos nosos propios medios e contando co eisclusivo es-forzo, sen nos preocupare pra ren dos que non están con nós.

Eisi, soio eisi, chegaremos como sexa e

cando sexa, pro chegaremos. á aquel ver-dadeiro Día de Galiza, do que os que agora vimos celebrando son somentes un esvaído refrexo. Chegaremos á aquel Día enteira-mente noso en que a terra posta en pé en-toará o himno xigante e trunfal da súa emancipación, cuos sonos levarán a todol-os recunchos do orbe a nova feliz de que un pobo máis figura no armónico e feliz con-certo dos pobos ceibes.

RAMÓN VILLAR PONTE

X



d-un Suprente. A desinación recaerá no afiliado que indique o Segredario corres-pondente, previa aceptación do Consello. En caso de ausencia de un Segredario, o Suprente que o substitúa poderá asistir, sin voto, á reunión do Consello.

ART. 14.—O Segredario Xeral levará o rexistro de afiliados, siñará os seus carnets de ingreso, convocará os seus Conselleiros, cumprimentará os seus acor-dos, representando ao Partido sempre que non haxa unha delegación expresa do Consello. Tamén levará o libro de actas das Asambleas.

ART. 15.—O Segredario da Orgaización será o encarregado de manter mú-tuas relacións antre os grupos do Partido e o Consello, levando a Corresponden-cia con eles, comunicándolles os acordos, etc. Levará o Libro de actas e as con-tas do Consello, do cal será Segredario nato.

ART. 16.—O Segredario Técnico terá ao seu carrego os ficheiros do Partido, preparará poñenzas, ditames e notas do Consello, e, mediante o oportuno informe dos asesores, redactará os proietos e notas de intervencións pra os palramentarios do Partido.

ART. 17.—O Segredario de Propaganda terá ao seu carrego a orgaización de actos públicos de espallamento do ideario do Partido; mítins, conferencias, actos culturaes, etc.

ART. 17 bis.—O Segredario Político será o encarregado de levar á práctica to-dol-os acordos de carácter político que tome o Consello e de propór a iste to-dal-as xestións políticas que coide comenente. Formará unha relación de entida-des políticas coincidentes nos seus principios doctrinaes co Partido Galeguista e outra das persoas prestixiosas que sin estar afiliadas o Partido sexan simpatizantes.

## V.—OS GRUPOS GALEGUISTAS.

ART. 18.—Formaríanse «Grupos Galeguistas» dependentes do Partido nas lo-calidades donde haxa máis de dez afiliados.

ART. 19.—O Partido orgaizarase no agro a base de grupos parroquiaes. Si os afiliados n-unha parroquia non fixesen número de abondo pra formaren grupo, deben constituir unha delegación especial dentro do grupo a que pertezan.

ART. 20.—Os grupos teñen prena autonomía no seu réximen interno.

ART. 20 bis.—Cada grupo desinará un representante, que precisamente terá de ser un directivo, pra levar directamente as súas relacións económicas coa Segre-daría Executiva. As relacións de propaganda coa Segredaría Executiva levaríanse pol-os segredarios dos grupos.

## VI.—A CAIXA DO PARTIDO.

ART. 21.—A cotización será obligatoria e representará en xeral un 15 por cen das cuotas mensuaes de cada Grupo. Naqueles grupos, nos que a cotización dos afiliados sexa menor de 0.25 peset. mensuaes, deixarase ao seu arbitrio a po-sibilidade de cotizar.

A cotización faráse por sellos de 0,035 e os seus múltiplos que se unirán aos recibos dos irmáns según a cuantía.

ART. 22.—A Segredaría de Orgaización autorizará os pagos do Consello e controlará os ingresos. Primeiro o Consello e logo a Asambleia examinarán as contas que aquela presente.

## ARTIGOS ADICIONAES

1.º En caso de disolución, os bens do Partido pasarán íntegramente ao Seminario de Estudos Galegos de Sant-Iago.

2.º Ao presentarse este Estatuto, pra os efectos da Lei de Asociacións o Partido ten o seu domicilio oficial en Pontevedra.

Os que non sinten amor,  
élles moi doado mentil-o, e  
non lles importa repetir en  
todal-as ocasións  
isa mentira.

Non se fixan cantas veces  
ao día repite o «Faro de Vi-  
go», a «Voz de Galicia», e  
algún outro periódico que  
iles «aman a su tierra como  
el que más?»

## OS TEMPOS SON CHEGADOS QUE OS BARDOS ANUNCIARAN

Os degaros remotos dos pobos, as suas arelas escuras e fondas, e na i-alma dos poetas que toman forma i expresión xusta. O que agora sentimos todos, o que está case nas nosas mans, ista luz auroral en que vivimos, foi un lume pequeniño, mais ardente. aceso hai moito tempo na i-alma dos nosos bandos.

As suas vaguedades, eran as vaguedades da i-alma da Raza, dispersas nas i-almas coma a luz do Ben das doutrinas gnósticas, e aprisoadas na soma da incompreensión e do desprecio. Hoxe é o día en que están xa moi cerca de ter cumprido fin.

Xa os bós entenden a voz da i-alma dos seus profetas.

Que din os rumorosos  
Na costa verdecente,  
O raio transparente,  
Do prácido luar...?  
Que din as altas copas  
D'escuro arume arpado,  
Co seu ben compasado,  
Monótono fungar...?  
—Do teu verdor cinguido  
E de benígnos astros,  
Confin dos verdes castros,  
E valeroso chán,  
Non des a esquecemento,  
Da inxuria o rudo encono;  
Desperta do teu sono,  
Fogar de Breogán.  
Os boos e xenerosos,  
A nosa voz entenden;  
E con arroubo atenden  
O noso rouco son;  
Mais, só os ignorantes.  
E féridos e duros,  
Imbéciles e escuros,  
No-nos entenden, non.  
Os tempos son chegados,  
Dos bardos das edades,  
Qu'as vosas vaguedades,  
Cumprido fin terán;  
Pois donde quer xigante,  
A nosa voz pregóu,  
A rendenzón da boa  
Nazón de Breogán.

## NO DÍA DE GALICIA

*A cumprir as escuras vaguedades,  
da costa verdecente ten chegado  
o bardo das edades,  
lanza e escudo dos bós e xenerosos;  
o que apreixou outrora,  
no ben acompasado  
fungar dos rumorosos,  
a profética voz alentadora.*

*Está con nós, ergueito á veira nosa,  
o do céltigo clán, mestre druida  
co-a litúrxica fouce miragrosa,  
a lira de ouro e ferro  
e a barda en albas rosas frorecida;  
o dos craros acentos sonorosos,  
cantor dos altos feitos;  
o que ordeou, para os afáns grioriosos,  
aparellar os esforzades peitos.*

*Irmáns na Causa! ¡Os tempos son chegados!  
Nestrora de varil recurdemento,  
en cibdades, aldeas e escampados  
Galicia enteira estremecida escoita  
o berro nunca dado a esquecemento  
con que nos chama, impregador, á loita  
o que comanda os míticos guerreiros  
do pinal encantado de Froxán,  
o que deixou os bélicos loureiros  
a verdecer na estrofa que pregou  
a redenzón da boa  
nazón de Breogán...!*

RAMON CABANILLAS

*¡Os tempos son chegados! Galicia canta e prega!  
¡Xa madurou a espiga  
na campía galega!  
Como na enxebre, céltiga cantiga.  
da alborada que anuncia o alto gozo  
das xornadas de sega,  
e novo sol, o sol ridente e mozo  
está batendo á porta  
da casina labrega.*

*¡Xa está lograda a espiga,  
randeando, doirada,  
as luces da alborada  
na campía galega!  
E forza porse en pe! E nosa obriga  
temprar as fouces, encoirar o mallo  
e saír, animosos, cara a veiga,  
a escomenzar o redentor traballo.  
¡Tras do loitar sin trégoa  
virá o repouso á sombra do carballo!*

*Irmans, todos a unha! ¡Arrodeade a leira!  
¡Qué regue a nosa terra o suor noso  
e a fouce corra no tronzar certeira!  
¡Escoitade o punxente  
berro do vagoroso:  
«Diante de bós ondea  
a barda de ouro ardente...  
¡Segade a vosa herdade!  
¡Ay de aquél que non sea valente!  
¡Segade, galegos; con forza, segade!»*

## CASTILLA

¡Castellanos de Castilla,  
tendes corazón de aceiro,  
almas como as penas dura,  
e sin entranas o peito!

De palla en tronos sentados,  
sin fundamento, soberbios  
pensás que os nosos filliños  
para serviros naceron.

E Castilla e castellanos,  
todos n-un montón, a eito,  
non valen o que unha herbiña  
de estes nosos campos frescos.

Nin arbres que che den sombra  
nin sombra que preste alento...  
Llanura e sempre llanura,  
deserto e sempre deserto...

Esto che tocóu, coitada,  
por herencia no universo,  
¡miserable fanfarrona!  
triste herencia foi por certo.

En verdá non hai, Castilla,  
nada como tí tan feo,  
que inda mellor que Castilla  
valera decir inferno.

Triste como a mesma noite,  
farto de dolor o peito,  
pídolle a Dios que me maxe  
porque xa vivir non quero.

Mais en tanto non me mata,  
castellanos que aborrezco,  
hei, para vergonza vosa,  
heivos de cantar xemendo...

¡Castellanos de Castilla,  
tratade ben os galegos!  
Cando van, van como rosas;  
cándo ven, ven como negros.

ROSALÍA CASTRO

## Manifiesto publicado pol-o Partido no Día de Galicia de 1932

## UNIDADE GALEGA

A diada que escomenzou festexándose como lembranza d-un culto, e adquiriu esplendor como eisaltación d-un sentir local, é hoxe xornada civil, festa patriótica de todol-os galegos, expresión xubilosa da unidade substancial que forman a nosa Terra e o noso pobo.

Do mesmo xeito, e á exemplo do que n-esta data se ven facendo, quixéramos nós, poñendo na obra o noso cativo esforzo, que sen mengua das diferencias ideolóxicas, mais esquecendo persoalismos políticos e retesias locais, os galegos percurásemos actuar de cote en xuntoiro d-espíritos, e responder co-a aportación do traballo de cada un á unidade que na xeografía, e na hestoria e na vida mesma representa a nosa Terra.

Que cada cidadán no seu mester e na sua doutrina, se tope sempre solidariado cos demais galegos, sentindo en sí as necesidades xeraes, e participando activamente co-a sua, na vountade de Galicia.

Somentes así podemos facer do noso solar unha patria; da nosa xente un pobo.

## NON VIMOS PRA DIVIDIR

Somos un partido máis no campo da política, pero non vimos a dividir, senón a colaborar. Xurdimos pra defender e realizar o galeguismo, mais non pretendemos monopolizar a galeguidade. Imos cara a liberdade da nosa Terra, sen precurar pra nós os froitos d-esa conquista, senon pra todol-os galegos.

A unidade política e a unidade social de Galicia non poden xurdir do uniformismo: han de ser obra da harmonía na variedade. Non queremos un pobo de cidadáns troquelados militarmente, standartizados no sentir e nas tendencias, senon un pobo áxil, donde brile o limpo xogo de todal-as ideoloxías, onde a polémica política se non luxe endexamais co sangue do crimen eleitoral, e onde as reivindicacións sociais se non afundan na esteril loita dos pistoleros, que provoca as revoltas creando denantes a miseria dos traballadores.

## O PODER É GALICIA

Quixéramos que Galicia recobrase de cheo a sua personalidade, tornando a posesión íntima d-unha aspiración integral. A tal fin compre que renovemos n-esta data o noso xuramento de espertar, por todol-os eidos, a fé nos destinos da raza.

Por eso non cobizamos o poder, coma os partidos centraes ou centraizados, nin aceptamos «delegacións de poder», cal fan os seus afiliados. Quen as percure non está co noso Partido. Pra eles os repartos e as «melloras»; pra nós este traballo xordo de crear un país novo; pra nós esta laboura escura de berrar, día á día, diante da masa galega, «d'esclavos e de ilotas», a consiña que ergue aos pobos adurmiñados:

«Galegos o poder é Galicia».

sin voto. Cada 25 afiliados ou fracción d-eles poden enviar un representante á Asambreia. Pra as votacións computaránse os votos d-estes representantes, controlando denantes as cotizacións dos afiliados e o do grupo ao Partido. Tamén concurrirán á Asambreia os afiliados que desempeñen cárgos de representación popular, con voz, pero sin voto.

## III.—O CONSELLO EXECUTIVO

ART. 8.º—Pra executar os seus acordos e pra levar o réximen político i-económico do Partido, a Asambreia desinará un Consello Executivo.

ART. 9.º—Os palramentarios do Partido e os irmáns que ocupen cárgos políticos, non poden formar parte do Consello, mais os deputados terán libre acceso á él con voz, pero sin voto. Nas mesmas condicións os Conselleiros poderán asistire á total-as xuntanzas dos comités ou grupos, nos que terán a presidencia efectiva.

ART. 10.—O Consello Executivo constituirano cinco Segredarios (Xeral, de Organización, Técnico, de Propaganda e Político) e un Conselleiro-Delegado por cada unha das Seicións en que, pra orgaizar mellor a laboura do Partido, se divide Galicia. A determinación d-estas Seicións farase en cada Asambreia.

Todol-os membros do Consello Executivo nomearánse por votación segreda entre os representantes na Asambreia que teñan voto. Os membros do Consello Executivo poden ser reeleixidos.

Os Conselleiros-Delegados servirán de enlace entre os grupos da Seición e o Consello. Poderán solicitar dos grupos opinións respecto aos asuntos que figuren nas convocatorias dos Consellos; os seus informes aos grupos sóbor dos acordos tomados terán carácter oficial; serán informados pol-a Segredaría Executiva ou pol-os Segredarios dos grupos das comunicacións que entre eles circulen. A Asambreia desinará pra cada Seición un Suprente do Conselleiro-Delegado.

ART. 10 bis.—A Segredaría Executiva poderá convocar aos Consellos á aqueles afiliados que xuzgue precisos, ao fin de asesorar ao Consello nas cuestións en que sexan excepcionalmente competentes, non tendo os ditos asesores voto na xuntanza.

ART. 11.—O Consello Executivo en preno xuntarase ordinariamente unha vez cada tres meses no lugar que determiñe a Segredaría Executiva, sendo vá lidos os acordos, calisquera que sexa o número de Conselleiros presentes, sempre que fosen todos citados.

O Consello Executivo en preno celebrará xuntanzas extraordinarias cando o soliciten a metade máis un dos Conselleiros. Do mesmo xeito a Segredaría xuntarase á petición da metade máis un dos Segredarios.

ART. 12.—A xuntanza do Consello será presidida pol-o Segredario-Xeral e, na sua ausencia, por outro dos Segredarios presentes.

## IV.—A SEGREDARÍA EXECUTIVA

ART. 13.—Os cinco Segredarios eleixidos pol-a Asambreia xeral do Partido constituirán a Segredaría Executiva, que se xuntará ordinarmente unha vegada por mes. Cada Segredario pode pedir ao Consello Executivo o nomeamento

# Nós soilos COURAZA E ESCUDO Arnica e vaselina

A redenzón da Galiza terá de sere obra eiscrusivamente noso, dos nazionalistas, dos que decote sentimos ecoar na nosa i alma o berro angurioso da terra magoada pol-os aldraxes, pol-as traicións e pol-os desleigamentos. Coidare outra cousa é se non deca-tare dos proveitosos insiños que dous anos longos de réximen novo nos levan propor-cionado. É tanto como ter ollos e non fitar. Tanto como ter ouvidos e non ouvir. Tanto como ter sensibilidade, intelixenza e non sentire nen comprender.

Si é certo que dos desconfiados nascen os avisados e precavidos, cal reza o dito popu-lar, nós, os galegos prenamente galegos, os galegos incondicionaes e sen lixo, os gale-gos químicamente puros, que diría o mestre Castela, non podemos xa deixarnos sor-prender por ren. Non podemos, asemade, sostere a máis cativera confianza en nin-guén. As portas do noso creto se deben cho-eren radicalmente á todol-os ofrescimentos e á total-as promesas.

O sucedido na xeira transcurrida de réxi-men republicán, no que tantos de boa fé de-positáramos a nosa confianza, é máis que de abondo pra nos indicare, con craror meri-dián, a liña de conducta á seguire. I-é por iso pol-o que xa non compren nen se poden admitiren máis dilacións nen máis agar-danzas.

Si a Galiza ten de se redimire, si a Galiza ten de abranguere o esnaquizamiento das cadeas que lle impiden o seu avanzar seguro pol-os vieiros que levan á liberdade, elo terá de sere obra nosa, obra única i eiscrusiva dos que formamos a lexión pura, a lexión escolleita dos bos e xenerosos. Pensare ou-tra cousa, pensare que á redenzón da terra galega poderán colaborar elementos que non sinten a terra nen da eisistencia de tal sentimento donaron endexamáis proba al-gunha, será eisporños tristeiramente, parva-mente, á seguire axuntando desenganos e desilusións.

Os fortes, asegún as coñecidas verbas apostólicas, son os que ollan soio unha ver-dade e se fan cegos pra total-as outras. Cónvencidos de qu'eisí e procedamos en conseqoenza. Pensem que a Galiza, ao

Compre acourazar o corpo dos galeguistas contra o desánimo. Compre fabricar un escudo que os protexa contra o mal cativo da falla de fé.

Levamos loitando algúns anos, e pode haber entre nós quen coide que estamos che-gando ao fin dos nosos traballos. Pode haber entre nós quen creía que un contratempo ou unha batalla desgraciada teñen os caracteres de unha derrota fatal e definitiva. E compre preveñirse pra que tales ideias non prendan nas almas.

Irlanda pelexóu séculos enteiros, e oxe é libre. Bohemia tardóu mais de cen anos en conseguir a sua idependenza, mais agora tena. Cataluña combatíu dentro de sí e fora de sí, durante dez lustros e soio recentemente conquireu a esmola de unha estreita autonomía.

Porque nós andamos metidos nun movemento de reivindicación galego, mais de certo andamos tamén íntimamente misturados nunha revolución de tipo universal. E as revolucións de iste tipo son vagorosas, van a dispacio, como van a dispacio e son vago-rosas as trasformacións xeolóxicas que trocan a fisonomía da Terra.

Os sentimentos que a nós nos animan teñen nos días que corremos eispresións idénticas en todol-os secantes do planeta. O latexar dos nosos corazóns ten correspon-denzas en rexións lonxanas. O soar dos nosos himnos seméllase ao sar dos himnos que ecoan en Rennes, en Edimburgo, en Toulouse, en Allahabad i-en Tlemcen.

Non é somentes o pobo galego o que está en marcha, son cen pobos, os que coma o noso queren erguerse e queren camiñar.

I-é ben que ista verdade certe a abrirse paso no espírito dos galeguistas. I-é ben que nos persuadamos todos de que noso valor é un valor de categoría mundial, de que a nosa forza ten a espléndidez incontrastable das forzas cósmicas.

No desenvolvemento das oroxenias, criadoras de altas serras, hai momentos de descanso e de detención motivadas pol o peso morto das tonas erguidas. Tamén nós temos que conecer ises descansos e isas detencións. Mais ao cabo nós como as oroxenias remataremos por triunfar.

Remataremos por triunfar por que entre conxunto de idearios en pugna que oxe enchen a terra de ruínas e mortes, soio o noso ideario asentase sólidamente nos feitos naturais, soio o noso ideario esta perto dan mán de Deus.

O mundo non pode trasformarse en vinte anos e nós queremos trasformar o mundo, despertando as almas dormidas, resucitando os pobos mortos. Queremos elimi-nar a violencia imperialista, queremos esnaquizar primeiro pra edificar despois. E isto non se fai en vinte anos.

Que cada galeguista se sinta obreiro de tal obra. Que cada galeguista se sinta pionner de ista cruzada. Que cada galeguista seia que son irmáns seus os que poñen bombas en Bretaña, os que se sublevaban en Túnez, os que morren en Delhi. I-en canto o sinta e o seia terá unha couraza e un escudo e será forte como un titán. F. L. C.


igual que sucedeu en todol-os pobos enca-deados, poderá ceibárese dos grilóns que a apreixan si os que verdadeiramente a senti-mos —os razonalistas— os qu'en todo mo-mento a afirmamos faguendo uso do seu verbo peculiar e propio, nos entregamos á tarefa de recreala, nos valendo dos nosos propios medios e contando cō eisclusivo es-fuerzo, sen nos preocupare pra ren dos que non están con nós.

Eisí, soio eisí, chegaremos como sexa e

cando sexa, pro chegaremos. á aquel ver-dadeiro Día de Galiza, do que os que agora vimos celebrando son somentes un esvaído refrexo. Chegaremos á aquel Día enteira-mente noso en que a terra posta en pé en-toará o himno xigante e trunfal da sua emancipación, cuos sonos levarán a todol-os recunchos do orbe a nova feliz de que un pobo máis figura no armónico e feliz con-certo dos pobos ceibes.

RAMÓN VILLAR PONTE

X



d-un Suprente. A designación recaerá no afiliado que indique o Segredario corres-pondente, previa aceptación do Consello. En caso de ausencia de un Segredario, o Suprente que o substitúa poderá asistir, sin voto, á reunión do Consello.

ART. 14.—O Segredario Xeral levará o rexistro de afiliados, siñará os seus carnets de ingreso, convocará os seus Conselleiros, cumprimentará os seus acor-dos, representando ao Partido sempre que non haxa unha delegación expresa do Consello. Tamén levará o libro de actas das Asambleas.

ART. 15.—O Segredario da Orgaización será o encarregado de manter mú-tuas relacións antre os grupos do Partido e o Consello, levando a Corresponden-cia con eles, comunicándolles os acordos, etc. Levará o Libro de actas e as con-tas do Consello, do cal será Segredario nato.

ART. 16.—O Segredario Técnico terá ao seu carrego os ficheiros do Partido, preparará poñenzas, ditames e notas do Consello, e, mediante o oportuno informe dos asesores, redactará os proietos e notas de intervencións pra os palramentarios do Partido.

ART. 17.—O Segredario de Propaganda terá ao seu cārrego a orgaización de actos públicos de espallamento do ideario do Partido; mítins, conferencias, actos culturais, etc.

ART. 17 bis.—O Segredario Político será o encarregado de levar á práctica to-dol-os acordos de carácter político que tome o Consello e de propór a iste to-dal-as xestións políticas que coide comente. Formará unha relación de entida-des políticas coincidentes nos seus principios doctrinaes co Partido Galeguista e outra das persoas prestixiosas que sin estar afiliadas o Partido sexan simpatizantes.

## V.—OS GRUPOS GALEGUISTAS.

ART. 18.—Formaríanse «Grupos Galeguistas» dependentes do Partido nas lo-calidades donde haxa máis de dez afiliados.

ART. 19.—O Partido orgaizarase no agro a base de grupos parroquiaes. Si os afiliados n-unha parroquia non fixesen número de abondo pra formaren grupo, deben constituir unha delegación especial dentro do grupo a que pertezan.

ART. 20.—Os grupos teñen prena autonomía no seu réximen interno.

ART. 20 bis.—Cada grupo desinará un representante, que precisamente terá de ser un directivo, pra levar directamente as suas relacións económicas coa Segre-daría Executiva. As relacións de propaganda coa Segredaría Executiva levaríanse pol-os segredarios dos grupos.

## VI.—A CAIXA DO PARTIDO.

ART. 21.—A cotización será obligatoria e representará en xeral un 15 por cen das cuotas mensuaes de cada Grupo. N-aqueles grupos, nos que a cotización dos afiliados sexa menor de 0,25 peset. mensuaes, deixarase ao seu arbitrio a po-sibilidade de cotizar.

A cotización farase por sellos de 0,035 e os seus múltiplos que se unirán aos recibos dos irmáns según a cuantía.

ART. 22.—A Segredaría de Orgaización autorizará os pagos do Consello e controlará os ingresos. Primeiro o Consello e logo a Asambleia examinarán as contas que aquela presente.

## ARTIGOS ADICIOAES

1.º En caso de disolución, os bens do Partido pasarán integramente ao Seminario de Estudos Galegos de Sant-Iago.

2.º Ao presentarse este Estatuto, pra os efectos da Lei de Asociacións o Partido ten o seu domicilio oficial en Pontevedra.

Os que non sinten amor,  
élles moi doado mentil-o, e  
non lles importa repetir en  
total-as ocasións  
isa mentira.

Non se fixan cantas veces  
ao día repite o «Faro de Vi-  
go», a «Voz de Galicia», e  
algún outro periódico que  
iles «aman a su tierra como  
el que más»?

# Laboura do Partido Galeguista **Pregón**

Non vamos faguer un balance minucioso da laboura que as irmandades galeguistas levan realizado no presente ano. Non temos datos dabondo, por un lado, e, por outro, para facer unha lista un pouco completa, farianos falla un espacío do que non podemos dispór.

Podemos asegurar que ningún partido de Galicia pode presentar unha laboura tan intensa, tan extensa, nin lograda a costa dos maiores sacrificios.

## CONFERENCIAS

Pol-a Radio de Santiago, faláron en repetidas ocasións os irmáns galeguistas, Beiras, Sebastián González, Antonio Fraguas, Filgueira Valverde, Sal-Lence, López Durá, Suárez Delgado e María Luz Morales.

Pol-a de Pontevedra, Filgueira Valverde, Bóveda, Lino, Iglesias Vilarelle, Otero Pedrayo, Paz Andrade, Núñez Búa, Alvarez Gallego e García Cabezas.

Pol-a de Ourense, Alvarez Gallego, Paz Andrade, Otero Pedrayo, Risco e Castelao.

Aparte distas conferencias de amplo escenario, déronse unha infinidade delas nos pobos que van a continuación.

Non creio que as enumere todas. Celebráronse en Vigo conferencias de Castelao, Bóveda, Vicente Risco, Otero Pedrayo e Del Riego.

En Ferrol, de Carballo Calero, Picallo, Castelao, Otero Pedrayo, Alonso Ríos, Vicente Risco, Iglesia Alvarinho, F. del Riego, Plácido R. Castro, Bello Piñeiro e Alvarez Gallego.

En Ourense, de Bóveda, Castelao, Otero Pedrayo, Alonso Ríos, María Luz Morales e Alvaro Cunqueiro, que falou ademais na Cruña.

En Pontevedra, as de Sebastián González,

Risco, Filgueira, Plácido R. Castro, Castelao e Otero Pedrayo.

En Villagarcía, as de Sebastián González, Filgueira, Pedret Casado, Basanta, Castelao.

Castelao, Picallo, Otero Pedrayo, Alvarez Gallego, Bóveda, Núñez Búa e Antonio Vicente deron ademais varias conferencias en diversas sociedades agrarias e outros centros.

Pol-a súa importancia, debemos destacar dunha maneira especial o Cursiño de Literatura galega na nosa Universidade, por Filgueira Valverde; o Cursiño de Historia de Galicia, por Vicente Risco, e dúas conferencias sobre arte de Alfonso Castelao.

## MITINS

Aparte ista laboura nidamente cultural, ten no seu haber o Partido un sinnúmero de mitins, celebrados en Porriño, Bayona, Bamió, Pontedeume, Tuy, Mondariz, Ponteareas Vilaxuán, Vilanova de Arosa, Castro Caldelas, Ribadavia, Carballiño, Arbo, Crecente, Xinzo, Lira, Pindo, Cobelo, Teis, Lavadores, Mondoñedo, Ribadeo, Viveiro, Viana, Santa Cruz, Larouco, Grove, Puebla, Maceda, Cira, Abades, Ameal, Pino, Arzáa, Melide, Redondela, Cesantes, Buéu e outros moitos pobos.

Fixo, ademais, unha extensa propaganda escrita. Ten espallado no que vai de ano, máis de 100.000 follas de diferentes crases, propagando sobre todo, o Estatuto de Galicia.

O grupo de Vilagarcía espallou 10.000 exemplares de unha conferencia encol dos problemas agrarios de Galicia, pol-o Director da Misión Biolóxica, Sr. Cruz Gallástegui.

Outros moitos prupos, espallaron folletos, follas, etc.

## HOMEAXE A ROSALÍA E BRAÑAS

Todol-os galegos sinten neste día a verba amiga, saudosa e branca, da nosa Santa Rosalía, que os chama dende todol-os lonxes da Terra e da Raza.

Hoxe ofréceselle en Santiago o homenaxe acostumado, que consistirá nunha procesión cívica na que formarán as autoridades e asociacións galegas, os nenos das escolas e todol-os que no fondo da súa i-alma ouven a voz outa dos lonxes sentimentais da Patria.

Onde ao seu monumento, na igrexa de Santo Domingo, pronunciarán discursos Castelao, o Alcalde de Santiago, Blanco Amor, unha fervorosa nacionalista vasca e o deputado catalán señor Hurtado.

Depositáranse coroas de flores sobre a súa tumba. Iste homenaxe fírase extensivo á memoria de Brañas, o gran galego, que na súa i-alma levaba todo o amor e a dor da nosa Terra.

Na mesma igrexa, dirase unha misa pol-a i-alma dos dous grandes poetas, e predicárase un sermón en galego.

N-iste gran Día da nosa Terra, xuntémonos todos onde ao lar común, á escoitar a voz dos lonxes dos nosos avoíños de todo o tempo.

## Ante o Convenio co Uruguai

### O VERDADEIRO CAMIÑO

Os tres ou catro galegos e os xornaes hespañoíños que andan á decir que o tratado co Uruguai demostra que Galiza depende de Hespaña terían razón se non fose:

1.º Porque Galiza paga a protección dos ferros, dos panos, dos carbóns, do trigo, e de todol-os productos non galegos.

2.º Porque debido á isa protección non podemos importar ceibemente o millo, maquinaria, abonos, etc. Arxentina e os demais países cos que nos conviña establecer relacións económicas, cerran os seus mercados.

ás nosas conservas  
ás nosas madeiras  
aos nosos viños  
ao noso gando

3.º Porque isa protección absurda da industria e dos productos antieconómicos da Hespaña lle custa á Galiza moitísimos millóns máis que o que representa isa cativa protección do noso gando que agora nos queren arrebatarse e que non temos por qué agradecerlle a ningún, posto que é unha compensación insignificante dos danos que sufrimos,

4.º Porque ista protección non comprida si tivésamos alimentos baratos, transportes racionais e económicos, matadeiros, cooperativos que suprimisen o intermediario e Institucións que se ocupasen da mellora e a industrialización gandeira.

Os tres ou catro galegos e xornaes hespañoíños, como si estivesen pagados pol os negociantes de carnes conxeladas, tratan de enganar ás xentes falando soio da protección ao noso gando e calando a dos ferros, carbóns, panos, e as outras, moitísimo maiores, que os demais disfrutan.

Pero o pobo galego sabe xa á que aterse sobre d-istes mercenarios enemigos da nosa Patria, i-está en pe, disposta á defendel-os seus dereitos, e sabe tamén o camiño á seguir.

Ou se nos fai xusticia, ou Galiza terá que poñerse de costas á un Estado que non fai máis que explotala. Ou se respecta á nosa economía, ou Galiza non ten por qué seguir cinguida á un Estado centralista que somentes se lembra de nós pra agraviarnos.

A solución definitiva, como ben claramente se ve, está en conquistar, canto antes, a liberdade da nosa Terra.

O primeiro paso é o Estatuto.

# Crónica da semana

## EXTRANXEIRO

Na India tornan á pórse ao ár total-as cubizas, total-as paixóns baixas e mesquíñas dos eternos opresores das liberdades dos pobos.

Firmes irreductibles, coa forza que teñen todol-os sentimentos escuros da i-alma profunda dos pobos, os nacionalistas hindús acordaron continuar a campaña de rebeldía contra os despotismos dos virreises. Iso é o que din os periódicos.

Nosoutros sabemos que as desobediencias e rebeldías non se acordan, porque están sempre vivas na i-alma de todol-os pobos oprimidos. Gandhi prometéu, ao parecer, pactar cos poderes extranxeiros, sempre que se lle ofrezan condicións honrosas, para o que discutirá co virrei as «posibilidades dunha paz.» quen conoza o sentir íntimo do misterioso Mahatma, ben delimitado en total-as súas aitudes, e quen conoza as miserias que animan ás potencias opresoras da India, a súa cubicia, a súa perfidia tradicional, sabe que nada se fará en todas istas compagandas, vergoñosas e indignantes pol-a torpeza de espírito das potencias imperialistas. Pero terá o consolo de ver que, tarde ou cedo, a India será libre, porque quér ser libre, e porque o merece ser.

De Alemaña chégannos números floridos. Hai 18.000 presos políticos, según os informes oficiais, e según os periodistas extranxeiros, ao redor de 100.000. Agora nos espli-

camos por qué en Alemaña diminúen os parados.

Como ven, non pasa nada.

## HESPAÑA

En Hespaña, as cousiñas de sempre.

A causa pol-os sucesos do mes de Agosto do ano pasado, promete non acabarse, coma as novelas por entrega.

A xente acaba por non saber de qué se trata. Xa vai parecendo máis o pesadelo dunha noite de verán que outra cousa. Aparte disto, as loitas de sempre. Chegaron á un acordo os obreiros e patróns de Salamanca. O mesmo que si non chegaran. Teríase resolto outro tanto. Nas Cortes, Lei de orde público, Lei de orde público, Lei de orde público. O mesmo que na Radio. E, por si terminara a causa pol-os sucesos de Agosto, que non se acaba aínda, temos a vista da causa dos sucesos de Palacios Rubios, e a de Castilblanco.

É todo moi divertido.

En Vilaseca (Toledo), matáronse á tiros e puñaladas, tres individuos. Outros saíron feridos. E todo por un pitillo. Nin máis nin menos: por un pitillo. Non cabe duda que isto adianta.

## GALICIA

Galicia desfaise en vibracións e inquedanzas íntimas. Empeza a xente á decaetarse de

O domingo derradeiro púxose de manfesto todo o desleigamento, toda a mala fe dos que por riba de todo andan a defender os seus postoiños de comiola, inda que pra iso teñan que asesinar a Galicia.

Viuse como hai quen está disposto a que Galicia morra asesinada baixo as gadoupas do león castelán.

Viase gran movemento de pobos aldraxados, nise movemento grandioso de 73.000 fogares ameazados de morte que se xuntaron nun xesto supremo de angustiada protesta contra as torpezas dos poderes centralistas, non faltaron os catro señoritos que fosen a emporcar a limpeza do acto coas súas miserias e traicións.

Galicia ten sobradas razóns para coñecelos. Galicia sabe que son os traidores de sempre, que son os vendidos de sempre, que son os que sempre a venderon. Pero Galicia non ten a decisión enérxica de libertarse deles. Non ten a presenza de ánimo que ten calquer pobo, para eliminal-os. En Cataluña, en Andalucía, en Valencia, nas Vascongadas, en Asturias mesmo, ¿daríase o caso vergoñoso de que vinte señoritos se atrevesen a protestar fronte a 70.000 homes cheos de eixaltación afervoadada? Eu creio que non. E si se derá, estou seguro de que ningún saliría con vida. Os pobos que sinten a súa vida con paixón, as traicións cóbrenas en sangue. E a única postura dos pobos. A de Galicia non é postura. É unha falla de conciencia do ser deber. É un caso de masoquismo suicida. Unha manifestación tráxica do complexo de inferioridade que a imposibilita, foi o mitin do domingo derradeiro, no que estivo a punto de que 20 señoritos pagados se sobrepuñesen a 70.000 homes, que levaban na súa i-alma a conciencia clara dos seus destinos.

Si Galicia permanece nisa aitude de pobo castrado, fronte aos estúpidos, fronte aos traidores, aos desleigados, aos vendidos, que se poñen no camiño do seu porvir, Galicia terá o que merece, calquera que seña o seu destino. E preciso que contra todos, contra os mornos, contra os entangarañados, contra os cans atroncados, que nin morden nin ladrar, nos ergamos nós, para desenmascaral-os a todos, para despil-os dos farrapos miserables en que se acubillan, para que sobre a súa carne podre, caia un día toda a responsabilidade de que se fan suxetos.

O peor que puidera pasar, é que, ao caer de novo Galicia na súa caba de morte, fóramos todos envoltos na mesma néboa de traicións e desleigamentos que a fundiran. Sería pra ir pensando no peigo en que moitos están de ser envoltos na mesma podredume que quixeron queimar.

Vexan todos o que compre.

que existimos. En Vigo xúntanse 70.000 labregos. Case nada. Vinte bigotudos emilianistas actúan de reventadores estúpidos. Non reventaron nada, nin houbo quen os reventase. Isto foi o peor. En Lugo celebrouse outro gran mitin de protesta. Na Cruña outro. Todol-os pobos firmes na súa xusta e indignada protesta. Total-as sociedades agrarias e campesiñas, toda a prensa, que con honradez e limpeza, mira pol-os intereses dos pobos. Á par de todo isto, a viva espectación pol-o intre en que Galicia vai á determinar os seus destinos. Temores e desacougos nas bandas dos vendidos, dos desleigados e traidores. Dende a «Voz de Galicia» e o «Faro de Vigo», andan á soltar presas de lama contra todo o que é limpo, claro, brillante e cheo de sol. Qué amargura de alma debe ser a dun pobo que ten por nemigos todo o inconfesable, escuro, imbécil i-entrapallado.

Renovacións de cubertas por procedimento integral  
Recauchutados  
**VILLAZÓN**  
OVIEDO  
Distribuidor pra  
GALICIA e LEÓN  
Xoán Segade  
Progreso, 59 - OURENSE

SI QUEREDES  
XANTAR BEN  
IDEA  
**CASA PEPE**  
Dr. Cadaval, 13  
VIGO

Superneumáticos **INDIA**  
Distribuidor pra  
Galicia  
Asturias  
e León  
casa Mandado  
OURENSE

Paquetería e Camisería  
A COMPOSTELANA  
DE  
**Vicente López**  
Cervantes, 22 :: SANTIAGO  
Gran surtido en artigos para  
Caballero, Señora y niños  
Especialidad en medias de seda  
e pañolería de todas clases

## Galicia de cara â Autonomía

### Acordóuse fixar a data do Plebiscito para o próximo mes de Setembro

#### REUNION DO COMITE CENTRAL DE AUTONOMIA

Celebrouse en Santiago con gran concurrencia o anunciado pleno extraordinario do Comité Central de Autonomía.

Foi unha sesión interesantísima na que se debatiron moitos asuntos outamente intrinsecos para a vida galega.

#### TELEGRAMAS DE PROTESTA

Antes de entrar na orde do día, foi acordo unánime da Asambrea dirixir telegramas ao Goberno, facendo constar a protesta máis viva de Galicia polo projectado Convenio co Uruguai, expresando aos ministros que se mantén a solidariedade do pobo galego, respecto á construción íntegra do ferrocarril Zamora-Coruña, opóndose á que se abandone o trozo Orense-Santiago, que tanta falla fai para o desenvolvemento da nosa vida económica.

#### ORDE DO DIA

Despóis disto, pasouse ao orde do día, aprobándose a acta da sesión anterior, léndose moitas adhesións e expóndose o resultado das xestións que, en cumprimento do acordado na derradeira xuntanza, realizou o alcalde de Santiago para acadar algunhas colaboracións comentes á obra autonómica.

#### SALVANDO UNHA PRETERICIÓN

Para salvar a preterición que o decreto concedendo o plebiscito cometera coas Sociedades Agrarias, á petición das mesmas, concedéuselles intervir oficialmente na obra do plebiscito, previo recurso ao Comité, que determinará en cada caso o artigo do Decreto en que puideran estar comprendidas.

#### VARIAS PROPOSICIÓNS E ACORDOS

O segredario do Comité rexional do P. R. R. I. apoiou unha proposición no senso de que se lle conceda á iste partido teña no Comité Central un delegado por cada organización provincial. Acordouse tomar en consideración a proposta. Tamén se aceptou a que fixo o delegado do Partido Progresista de dirixir ao País galego un manifesto autonomista. E asimismo se acordou nomear Comités por cada provincia, para que orgaizen e desenrolen a propaganda autonómica, Excepto en Pontevedra e Orense, onde xa están constituídos, serán presidentes dos Comités, os das Diputacións.

#### CUESTION ECONOMICA

Deuse conta de dous oficios das Diputacións de Orense e Pontevedra, ofrecendo, en principio, contribuir, coas outras Diputacións galegas, aos gastos da laboura autonómica.

mista. Como iste problema económico é fundamental, porque o Comité non conta máis que con 1.200 pesetas, examinouse detidamente, expondo cada representación o punto de vista do seu partido. A do Partido galeguista fixo presente que iste contribuiría con 10.000 pesetas, oferta que condicionaba á aitude que os demais tomasen. Despóis de manifestar o seu criterio todos, acordouse intrisar a cooperación económica de todas as representacións colectivas de Galicia. No mesmo intré recibíase de Bos Aires a oferta de axuda da Federación de Sociedades galegas.

#### CONVOCATORIA DO PLEBISCITO

Despóis de reconocer que a Autonomía non debe ser obra de ningún partido político, senón labor conxunta de todos eles, acordouse:

Primeiro. Que o plebiscito se celebre no mes de setembro, no día que determinará o Comité o primeiro domingo dese mes.

Segundo. Que á iste reunión do Comité precederá unha intensa laboura de propaganda, encamiñada á erguer o espírito autonomista, demostrando ao descampado, contra todos os manexos de cubil, as ventaxas deste réxime e a necesidade que del ten Galicia, por ser o único en que poden ter garantías eficaces os seus problemas vitales, e para xuntar o máximo de colaboradores nunha obra que debe ser denominador común dos esforzos de todos os bos galegos.

Tratouse logo da argaización desta campaña, tomándose moitos acordos de detalle que se conocerán ao seu tempo.

A sesión finou cunhas verbas elocuentes de congratulación polo éxito da xuntanza que pronunciou o presidente da mesma, o señor Insua.

#### INIZO DA PROPAGANDA

O Comité executivo do Estatuto acordou celebrar en Santiago un gran mítin o día 24, no que tomarán parte oradores dos diferentes partidos autonomistas e do que daremos unha ampria reseña no próximo número.

## Estatutismo e Nazionalismo

¿Quén mistura entramos términos? Algunhas xentes de boa fé. Son merecentes do noso respecto, e axiña, ca mesma boa fé, decatáranse do seu erro. Mais aquelas xentes que finxen trabucar entramos términos non poden entrar no diálogo. Son galegos ao rivés, servos compracidos na condición de escravitude, por imitanza ou, no caso millor, por priguiza. Vello pecado galegos. Cecais tamén por ille sigamos chamando galegos.

Tampouco podemos aceptar ista gradazón que satisfaz a algúis: estatuto; primeiro paso da afirmazón nazonal. Pódía que seña temporalmente verdade, na oportunidade política. E pódía que nin xiquera nisa oportunidade. Non debemos eiqui discutilo. Más sempre no conceito e na arela, no estilo de pensamento e na realidade trascendente, significaría o máis tristeiro trabucamento e confusión de ideas que hoxe poidérase producir na Galiza.

A teoría do puro nazionalismo é incomensurable ca do estatuto. Responden a diferentes nemigas intencións. Un pobo que se sente nazón deixaría de sela no se hipotecare no sistema do Estatuto. Se non pode xogar cas esenzas superiores das cousas que levan en si as determinantes do futuro. Estaríamos, salvadas as diferenzas dos tempos, no caso da carta otorgada e de constitución democrática. O estatuto pedido e todo, polo pobo galego significa unha concesión. Ten o perigo inicial de demarcar unha arela. Amingoa unha aspirazón, consolida o «statu quo», dibuxa un compás de espera con moitos aspectos de cousa definitiva.

O sino contrario de Galiza foi a de ser conquerida, negada, suxeita. O sino bó será faguela ceibe, aceptada, liberta tal como ela é no espírito e na forma: como unidade nazonal. O Estatuto quer correxir algunhas das tristesiras aparencias. Cecais faguer mais levadeiro o xugo, conceder un pouco de dinidade, reitificar un erro de séculos. Mais esas verbas: concesión, reitificación, temos dereito a usálas, nós, os galeguistas?

Hoxe unha grande parte da Galiza, a meirande, acepta o Estatuto. Está por ela votado en principio na Asambrea de Compostela. N'ise movemento foi á segue sendo esenzal a laboura dos galeguistas. Entón as consideracións anteriores son valdeiras? Non o creemos. Son precisas, son necesarias: Os galeguistas poden loitar tamén polo Estatuto pois son republicáns e procuran a fraternidade. Mais de iso a se contentar co Estatuto ou a xusgálo primeiro estadio do nazionalista, hay unha distancia enorme. Con Estatuto ou sin él os galeguistas seremos os mesmos e nin siquer manexaremos a nosa institución como arma de combate, pois dispoñemos de outras, as de meirande eficacia, as da intelixenza, vontade, e peito de todo galego ao que lle abonde ser galego pra figurar no mundo de hoxe e de mañán.

R. OTERO PEDRAYO

## Como se chama iso?

Traicionando á sua Terra, por defender os seus intreses mezquifios, os seus comedios de media luz, un sector ben coñecido da nosa prensa, tivo bon coidado en silenciar os nosos problemas: o do noso ferrocarril,

o do noso gando, a serie sin termo de inxusticias que con nosco se levan cometido de pouco tempo á esta parte. Porque non lles conviña pôrse á mal cos personaxiños que trafican ás escuras. Porque sabían ben que de pór a cousa á luz do sol, terían que darnos á nós a razón, e terían que dar a razón aos nosos deputados, os únicos que por Galicia loitaron no parlamento. E iso non lles conviña. Só agora, dende que todos se deron conta, por non quedar mal, se acordaron de falar de todo isto, finxindo non saber nada do que os outros fixeron. Ahí está o «Faro de Vigo», con todo os seus anos, decindo que il foi o que traballou todo, o que resolveu todo. Dos demais non fala nada. Pero os demais estamos de volta, meu velliño.

E a xente di que non se debe decir que se fixo o que non se fixo. Iso é enganar á xente por de pronto. Cando se fai unha traición, logo preténdese tapar dise xeito

Hámoslles de preguntar aos lectores do «Faro de Vigo», cómo se chama iso.

NÓS, Publicacións Galegas e Imprenta,  
Rúa do Vilar, 15, Santiago

## Pol-a libertade da Patria

*O Partido Galeguista, pra que a Autonomía da nosa Patria, chegue a ser un feito, comprométeuse a poñela en máns do Comité, tan axiña como as Diputacións inicien as suas aportacións, a cantidade de 10.000 ptas. pra contribuir aos gastos de propaganda.*

*Irmáns: Compregue todos axudedes con entusiasmo, inda que teñades que facer un esforzo, a que iste compromiso de honor de galeguismo quede cumprido axiña.*

*E necesario que demos ista proba de entusiasmo pol-a causa. Eisíxe de nós a necesidade apremiante de que a nosa Patria conquira canto antes a sua liberdade.*

*Todos os Grupos deben orgaizar suscripcións entre os irmáns afiliados e remitir o seu produto ao Consello do Partido por medio de transferencia á conta que co-ista data se abre no Banco Pastor, a nome de Alexandro Bóveda Iglesias (P. G.)*

*Aberta a suscripción e reductada a nota precedente; debemos acrecentar que xa pasa de 1.600 pesetas en Pontevedra, de 600 en Vigo, de 500 na Cruña e Ourense. Xa estarán hoxe superadas en moito istas cantidades. Procuremos con todo intrés completa a o máis axiña, pol-a dinidade do Partido e o ben da nosa Terra.*

## BANCO PASTOR

CASA FUNDADA NO 1776

CAPITAL SUSCRITO. . . . . PESETAS 17.000.000,—  
CAPITAL DESEMBOLSADO. . . . . » 11.000.000,—  
FONDO DE RESERVA Y FLUCTUACIÓN DE VALORES. . . . . » 14.073.530,47

CASA CENTRAL: A CRUÑA ;: 35 SUCURSAES EN GALICIA

CONTAS CORRENTES CON OU SIN LIBRETA

INTRÉSES DENDE 1.º DE JULIO DE 1933:

Á VISTA. . . . . 2 % ANUAL | A SEIS MESES . . . . . 3,60 % ANUAL  
A TRES MESES. . . . . 3 % » | A DOCE MESES OU MÁIS. 4 % ANUAL  
CAIXA DE AFORROS. . . . . 3,50 % ANUAL

CAIXAS FORTES DE ALQUILER: DESDE 20 PESETAS Ó ANO

COMPRA-VENDA DE MOEDA EXTRANXEIRA ;: DEPÓSITO DE VALORES COBRO DE CUPONS E DEMÁIS OPERACIÓNS DE BANCA E BOLSA EN HESPAÑA E NO EXTRANXEIRO

FRANCISCO BARREIRO SALAÑO

PERITO AGRÍCOLA

CAMPO DO GAYO, 14

SANTIAGO

OUXETOS DE ARTE

VAXILLAS DE TODAS CRASES

CASA MARÍÑO

OLIVA 11 E SARMIENTO 3

PONTEVEDRA

IMPERMEABILIZANTES

## WATERSTOP

UNICO EFICAZ PRA EVITAR A HUMIDADE E O SALITRE NAS CONSTRUCCIONS

MAIS DE CINCOENTA ANOS DE ESPERENCIA NO SANEAMENTO DE CONSTRUCCIONS E IMPERMEABILIZACION DAS MAIS IMPORTANTES OBRAS HIDRAULICAS REPRESENTANTES EN TODALAS VILAS DE GALICIA

Pida detalles e folletos:

PRODUCTOS WATERSTOP

Axencia xeneral para Galicia:

Porta da Pena, 6 ;: SANTIAGO